

TOPONIMIA E ARQUEOLOXIA (ALGUNHAS NOTAS VERBO DE TOPONIMIA ARQUEOLÓXICA)

Por Juan A. CARNEIRO REY

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago

Resumo: Neste artigo analizamos os diferentes significados que posúen algúns termos, utilizados normalmente na literatura arqueolóxica, relacionados cos monumentos megalíticos e que son citados frecuentemente na documentación medieval e tamén moderna.

Abstract: In this paper we analyse the different meanings of archaeological terms linked to prehistoric mounds in Galiza and Portugal.

Key words: Medieval documents - Archaeological survey - Megalithic mounds - «Modia» - «Arca».

1. INTRODUCCIÓN

Con este artigo pretendemos salientar a importancia das fontes documentais, tanto medievais como modernas, na reconstrucción da nosa paisaxe arqueolóxica. A crecente urbanización do medio rural e as continuas obras a que éste está sometido: construción de pistas, concentración parcelaria, ampliación de fincas, etc. fan que os xacementos arqueolóxicos fiquen cada vez mais expostos á súa destrucción.

A partir de distintas fontes: documentais, folclóricas, etc., complementadas coa propia prospección arqueolóxica, poderíase conformar un mapa arqueolóxico moi completo dunha determinada zona.

As fontes documentais empregadas para a realización deste traballo son medievais e modernas. Entre as medievais destacan as coleccións diplomáticas dos mosteiros e entre as modernas, o Catastro de Ensenada¹. A zona de estudo foi a área noroccidental da provincia da Coruña, onde tiñan xurisdicción un determinado número de mosteiros durante a idade media: S. Martiño de Xuvia, Sobrado dos Monxes, S. Salvador de Pedroso, Sta. Catarina de Montefaro e S. Xoán de Caaveiro. A información que obtivemos destes mosteiros abrangue un amplo marco temporal, que vai desde o século XI ata o S. XIX.

Os documentos conventuais recollen testamentos, cartas de donacións de particulares aos mosteiros, aforos de terreos, confirmacións de privilexios por parte dos distintos monarcas, etc. As donacións e aforos de terras están reflexa-

¹ Este artigo ten como base un capítulo da Tese de Licenciatura leída na Facultade de Xeografía e Historia en novembro de 1998.

dos nos documentos cunha gran meticulosidade e na súa redacción estaban presentes moitas persoas: doantes, aforados, testemuñas, notario... ademais de «*alli multi que viderunt et audierunt*». A redacción documental tiña que ser moi clara e precisa para que tódalas testemuñas presentes ficaran satisfeitas.

En canto á outra fonte de estudio, o Catastro de Ensenada, coidamos que ten tamén unha extraordinaria importancia². Foi realizado en 1752 e tiña unha finalidade fiscal. Os declarantes eran propietarios: individuos ou institucións. Danse datos sobre tódalas parcelas dunha determinada poboación. As declaracións están asinadas por un notario, un procurador, un perito e veciños³.

2. AS DEMARCACIÓNS DE TERMO

Os límites dos terreos definíanse mediante «marcos», que en moitas ocasións eran mámoas, petroglifos, castros, camiños, etc. As referencias á utilización de restos arqueolóxicos como elementos que sirven para a delimitación de territorios son moi antigas, pero mesmo actualmente hai autores que retoman esta idea (Renfrew, 1991).

En Portugal, as mencións aos monumentos megalíticos son constantes nos documentos medievais. Durante a idade media as antas eran utilizadas para marcar divisións de propiedades ou tamén como marcos topográficos (Gonçalves, 1993).

As mámoas serviron sempre como punto de referencia nas demarcacións ao longo da historia (Florián, 1948; Ferro, 1952; L.-Cuevillas, 1973).

O primeiro documento onde se menciona o emprego de monumentos prehistóricos como marcos de territorio é do século VI. Trátase do «*Liber Fidei*», onde se fai unha relación das trece dióceses do reino suevo de Gallaecia, xunto cun listado de freguesías dependentes destas. Coñécese tamén este documento como «*Parroquial Suevo*» ou «*División de Teodomiro*». A autenticidade e valor documental do «*Parrochiale suevum*» están fóra de toda dúbida. É un documento administrativo e á vez eclesiástico e civil no que a Igrexa limitábase a respectar as entidades civís preexistentes, o que indica un nivel relativamente alto de organización administrativa do reino suevo (Díaz, 1997).

O «*Parroquial*» foi publicado entre os anos 572 e 582 e recolle as conclusións dos Concilios celebrados en Lugo e Braga os anos 569 e 572, respectivamente. Entre outras cousas establécense os límites das distintas dióceses do reino suevo. Estas fronteiras vanse facer: «*(...) per veritatem antiquam unicuique civitate suam distribuimus definitionem seu portionem ac per ribulorum cacuminaque montium seu antiquorum castrorum vel archarum confinia eis terminos (...)*» (da Costa, 1965).

² Dos distintos apartados que compoñen o Catastro, utilizamos o chamado Real de Laicos.

³ A pesar do control e seriedade con que se realizaba o catastro, J.M. Pérez García (1992) documenta unha ocultación das superficies en torno a un 33% e unha desviación en cultivos dominantes de alta rendibilidade.

Máis adiante, cando se poñen límites a un condado, alúdese a unha mámoa e a uns castros: (...) et pertransit ad Mamula de Gutilanes (...) inde at Copello et recta linea ad castrum Temondi (...) in directus ad castrum Lotoso et inde ad illo castrum de Rio de lua (...) in directum ad Lardarios Castrum deveniens ad castrum Martianum».

Remata este documento indicando que as freguesías se limiten «per determinatones antiquorum castrorum et fluminum».

Outro documento do ano 982 verbo dunha doazón ao mosteiro de Celanova, limita os novos territorios do mosteiro «(...) quomodo dividet cum villa sancta columba (...) intra mogaynes et (...) feret in arca tras limia ad casam de domno et per suis terminis ubi inveneretis lacos antigos et mamolas (...) ubi iacit efigiem hominis sculpta in petra (...) per suos moliones firmissimos ad arca maior ad castrum de vemes ...» (López Ferreiro, 1899).

Como se pode observar, síguense a utilizar os mesmos termos divisorios que séculos antes xa se ían aplicando: arcas, mámoas, castros, etc., mesmo aquí fálase dunha figura humana en pedra⁴.

En canto ao termo «lacos», e os seus derivados «lacuna», «lagona», etc., citado en textos como o anterior e noutros referidos a delimitar territorios, soe estar asociado a mámoas e se conserva na toponimia actual como «lagoa»: monte da Lagoa, As Lagoas, etc., indicando terreos que poden estar encharcados todo o ano. En efecto, así sucede nas brañas das penechairs, onde, en ocasións, abundan as concentracións tumulares. Nestes terreos acostuma a pacer o gando no verán por estar aí a herba máis fresca que noutras zonas do monte.

Estas zonas cóncavas do terreo poden ser formacións naturais que conservan a humidade. Tamén fórmanse, ás veces, porque se utilizaron durante moito tempo como lugares de extracción de terra para distintos usos. O caso é que chamaron a atención desde hai tempo.

Maciñeira (1943) decía que esas zonas afundidas do terreo onde se asentan as mámoas non son máis que as improntas que quedaron da preparación do lugar antes da erección dun túmulo; por algunha circunstancia o túmulo non se continuou facendo e o resultado é a aparición destas lagoas actualmente.

⁴ Calo (1994) fai referencia a esta figura humana e realiza un repaso historiográfico desde que é citada por Castellá (1610), que se refire a ela como un guerreiro galaico dun castro. Pero Calo non afirma nin nega que se poda tratar dun guerreiro galaico. (Agradecemos esta información bibliográfica a Ladislao Castro).

¿Poidera tratarse dun sepulcro antropomorfo labrado na rocha?

Sabemos que na alta idade media, no territorio correspondente ao *conventus bracarenensis* da anti-gallaecia romana, existían importantes núcleos de ascetas e solitarios que mezclaban o cristianismo oficial co arrianismo, priscilianismo, etc. e que non se trataba de comunidades monásticas organizadas. (Malingre, 1995). Os lugares preferidos por estes homes que facían vida eremítica eran as penechairs das serras e cumios dos montes; enterrábanse, en ocasións, en sepulcros antropomorfos escavados na rocha. O costume de facer vida eremítica tivo unha gran extensión temporal nesta zona, pois inda no século XIV, Munio, abade de Celanova, retirouse a facer vida ascética a unha aillada ermida no monte.

Para Monteagudo (com. pers.) esas lagoas foron os lugares de extracción de terra dos constructores dos túmulos para a erección destes⁵.

Documentos do século XII, do mosteiro de San Salvador de Pedroso, fálanos tamén da delimitación de propiedades baseándose na utilización dos límites «(...) per suis terminis et locis antiquis» (Cal, 1984).

Do mesmo modo exprésase un documento do Tumbo II (s. XII) do mosteiro de Sobrado dos Monxes cando se lle fai unha doazón: «(...) cum suis terminis et locis antiquis (...)» (Loscertales, 1978).

Tamén outros documentos dos séculos XI e XII do mosteiro de San Martiño de Xuvia empregan a mesma fórmula: «(...) per suis terminis et locis antiquis (...)», ou máis adiante: «(...) per lapidas et vias et divisiones antiquas (...)» (Montero, 1935). En foros outorgados polo devandito mosteiro no século XV, os terreos limítanse polos «camiños antigos».

Mámoas e vías romanas aparecen como delimitatorios de propiedades na documentación do mosteiro de Xunqueira de Espadañedo: «inde ad mamuum da Meda... inde per viam veteremque vadit ad Portum de cubas» (Pereira, 1979).

Todas estas referencias a monumentos do pasado como límites de territorios están presentes en toda a documentación eclesiástica medieval. Por todo isto, podemos concluir que está clara a utilización de restos arqueolóxicos como referencias e límites de territorios desde a alta idade media. Estas referencias dos documentos eclesiásticos medievais seguirán utilizándose co mesmo fin na documentación civil moderna (Catastro de Ensenada).

3. DENOMINACIÓNS DOS MONUMENTOS MEGALÍTICOS

Tanto en Galiza como en Portugal existe unha gran variedade de formas para referirse aos monumentos megalíticos. A orixe destes nomes está en termos latinos (na súa inmensa maioría) que evolucionaron e foron quedando na nosa toponimia e na linguaxe popular.

A forma máis común para referirse ao túmulo é a de «**mámoa**», que deriva da palabra latina «mammula», diminutivo de «mamma», significando «tetiña» e que alude á característica forma dos túmulos recortados na paisaxe. As derivacións deste termo son moi numerosas, sendo as máis abundantes: «mamoela», «mamola» e «mamona».

Da forma latina «meta», que significa: «obxecto de forma cónica» e é denominativo da «metor -aris», que quere dicir: «delimitar con marcos» (Monteagudo, 1954) derívase «**medoña**». Este nome é tamén moi utilizado no noroeste para

⁵ Pena (1991) identifica o termo «lacus», coa mámoa propiamente dita, xa que este termo significa tamén «burato», indicando éste o cono de violación dos túmulos.

Nembargantes existe documentación medieval, como a do mosteiro de Oseira (ss. XI-XIV), onde a mámoa violada exprésase como «mammuum furatam» (Romaní (1989); cit. por Martínón no T.A.D. (1998) titulado: «Aspectos historiográficos del megalitismo gallego: de la documentación medieval al siglo XVIII», dirixido por Rodríguez Casal.

referirse ao túmulo prehistórico. Outras formas derivadas son: «meda», «medorra» e «madroa».

O significado de «medoña» pode referirse tamén, en ocasións, a un montículo de terra e/ou pedras (VV.AA, 1993).

O termo «**modia**» é tamén utilizado para indicar un túmulo. Para algúns autores a súa orixe é latina e deriva de «*modius*» (Filgueira-Alén, 1977), mentras que para outros este nome deriva do xermánico «*motta*», que significa «montón de terra» (Monteagudo, op. cit.).

Posiblemente este termo non se refira unicamente ao túmulo senón tamén a unha elevación natural do terreo. Na zona noroccidental da provincia da Coruña non atopamos ningunha mámoa nos lugares onde se localizaba o topónimo «*modia*». Investigamos no Coto da Modia (Narón); A Modia (S. Xoán de Esmelle, Ferrol); Punta Modias (Ares) e As Modias (Cabanas). En todos estes lugares non se atoparon restos arqueolóxicos referentes ao fenómeno tumular e tampouco existe indicio algún no folclore da zona. Nestes lugares o topónimo pode indicar unha pequena elevación do terreo (pequeno outeiro) que destaque do val circundante. (Carneiro, 1996, no prelo; 1999).

Para a cámara lítica as denominacións en Galiza e Portugal son tamén moi numerosas. A máis empregada é «**anta**», cos seus derivados «*antiña*» e «*antela*». É de orixe latina e se refire a un termo arquitectónico: a xamba dunha porta. Por extensión pasou a ter o significado de «dolmen». Pero tamén perde este significado en ocasións, pois dásele este nome (As Antas) a zonas onde abundan os miliarios ou columnas conmemorativas romanas, na provincia de Ourense. (Caamaño, 1984). Mesmo na zona oriental da provincia de Ourense e na terra de Sanabria, «*anta*» ten outro significado, o de «pedra terminal». (L.-Cuevillas, op. cit.).

Outra das denominacións clásicas para a cámara é «**arca**» (da que falaremos exclusivamente no próximo apartado) e os seus derivados «*arquiña*» e «*arcosa*».

Tamén son utilizados os termos «*casa*» e os seus derivados «*casíña*», «*casota*». En menor medida empréganse «*forno*», «*forniño*».

Moitos destes termos complementáanse, tanto en Galiza como no norte de Portugal, cos palabra «*mouro/a*», aludindo aos míticos constructores dos túmulos. Así, podemos atopar os nomes de Forno dos Mouros, casa dos Mouros, Casa da Moura, montiños da Moura, etc., referíndose ás mámoas. Segundo o imaxinario popular galego, estes «*mouros*» agachaban fabulosos tesouros nos castros, mámoas, etc, de aí a razón da destrución destas desde hai varios séculos.

4. ENCOL DO TERMO «ARCA»

As mencións a este termo na documentación eclesiástica medieval é numerosísima: temos referencias nas coleccións diplomáticas de Pedroso, Xuvia, Caaveiro, Sobrado, Oseira, Celanova, S. Clodio..., e tamén, no catastro de Ensenada (1752). «*Grangiam (...)* de Archas», «*hereditatem quam dicunt*

Archas», «in loco qui dicitur Arca», «a nossa tulla d'Archas; a nossa grania d'Archas», son expresións que se recollen na documentación do mosteiro de Oseira dos séculos XII-XIV.

«Camiño que vai para a Pena das Arcas; outra leyra que jas aa Pena das Arcas», nun documento do século XV, do mosteiro de San Clodio do Ribeiro⁶.

Na segunda metade do século XII, Fernando II acouta a cidade de Tui dán-dolle, entre outros, estes termos: «(...) inter Vilarinum et Figueyrolam et ad mamulam inter superatam et antam, et per montem (...) et ad petram fictam que est in portela (...) et venit in castrum (...) et per archas de Fofi (...) et per illas antas antiquas...»⁷.

Na demarcación de San Xiao de Arca, Ferreira (1988) recolle o seguinte documento: «(...) e de allí comiença en la seve de soto fasta eno rigueyro arriba, e daly tomo en la agua do porto (...) en la panda do porto Losío, y en el camino arriba de mámoa da arca»⁸.

Nun documento do ano 1120 o rei Afonso VII e a súa nai a raíña dona Urraca, poñen couto ao mosteiro de San Salvador de Pedroso. Este tipo de documentos indicaban con gran precisión e detalle os límites dos territorios e na súa elaboración participaban moitas persoas, como xa temos indicado anteriormente: «In Dei nomine. Ego Adefonsus, Dei gratia Rex (...) et Regine Urracce (...) facio kartam de cauto vestri monasterii, videlicet, sancti Salvatoris de Petroso, quod est in terra Trasanchos (...) cautamus per subscriptos terminos scilicet: per aquam de kaabzal, quo modo subit ad Montem Accutum (...) et inde ad portum lucis (...) et intrat ad flumen de Mirogoo. Et per archum de Nelle, et inde ad Fontem de Talle, et inde ad Archum de Savin (...) ad flumen luvie (...)» (C.D.P., nº 2; Cal, 1984).

Neste documento faise alusión a dúas «arcas»: unha situada no lugar de Nelle e a outra no de Savin (actualmente Sabín).

Oito anos despois o mesmo rei don Afonso VII acouta por segunda vez o mosteiro de Pedroso incluíndo novos territorios:«(...) et amplifico illum cautum predicto monasterio de Petroso et mitto in suo cautum Ecclesiam sancti Stefani de Sedes cum sua feligresia (...) per suos veteres terminos et antiquas divisiones, videlicet: per Ansedelli (...) et oper pennam Mirogono, usque ad illum Biduarium; per Arcam de Nelli et per illos cubos (...)» (C.D.P., nº 4; op. cit.).

Neste documento vólvese mencionar a «arca» de Nelle, pero non a de Sabín e especifícanse os límites «per suos veteres terminos et antiquas divisiones», é dicir, os elementos utilizados como «marcos» nas delimitacións de coutos, xa eran empregados desde antigo e da súa exactitude daban conta as numerosas testemuñas e representantes da Igrexa e a Nobreza, así como a mesma sinatura rexía.

As referencias a estas dúas «arcas», como marcos, non se repetiron posteriormente en ningún documento. Os dous lugares citados están situados nun val, distan entre si un quilómetro e pertencen ao concello de Narón.

⁶ Tomado do T.A.D. citado anteriormente.

⁷ Do Arquivo da Catedral de Tui, citado por Elisa Ferreira (1988).

⁸ A.H.N. Monfero 510/5.

Na colección diplomática do mosteiro de de San Martiño de Xuvia existe un documento con data 11 de novembro de 1489, no que o prior afora unha herdade a un notario e á dona deste, especificando o territorio aforado: «(...) e no camiño que ven de Caranxa para Domiron, et como vay dar en Arca dos Varreyros, et no camiño que ven de Santa Cecía para Felgueyra (...)» (Cart. B, nº 85; Montero, 1935).

Temos referencia a outra «arca», tamén como divisoria de termos: trátase da Pena da Arca dos Vilares e aparece mencionada no Catastro de Ensenada, que a sitúa nunha freguesía divisoria dos concellos de Ferrol e Narón: Santa María a Maior do Val. A resposta á terceira pregunta do Interrogatorio Xeral do Catastro iñdicanos os límites da freguesía do Val: «(...) subiendo al marco da Golpelleira, y de este a la fuente de la Cañota subiendo al marco do Carballo de avajo (...) jirando a la Pena de Arca dos Vilares allega al marco de sobre la fuente do hespiño (...)». (C. de E., 1752).

Por último, temos a referencia a outra «arca», nesta ocasión coa particularidade de que se menciona en distintos documentos: Colección Diplomática do mosteiro de Caaveiro; Tumbo II do mosteiro de Sobrado dos Monxes e no Catastro do Marqués de la Ensenada. Aparece mencionada por primeira vez nun documento de Caaveiro no que se cita a delimitación dun terreo. Dito documento está datado o 17 de xuño, entre os anos 1102 e 1109: «(...) ad terminum de Listidu usque ad archam de Voado Spassandi; deinde per aquam de rivulo Covelo; deinde per portu de Ferrion; deinde per aquam de Corrago (...)». (cit. Fdez. de Viana et al., 1996).

Nun documento do Tumbo II de Sobrado tamén se cita esta «arca». Trátase dunha doazón de terras realizada polo propietario ao devandito mosteiro no mes de decembro do ano 1173. Para que fiquen ben sinalizados os límites, exprésanse con gran detalle os marcos que conforman ditas divisións: «(...) per terminos et divisiones suas antiquas, id est villa de Platanedo (...) et per illum carvillum Pelagii Fernandi et per arcam de vados pasandi (...) et per illam portam castri (...)». (Tumbo II, fol. 148 r., cit. Loscertales, 1978).

A terceira mención á «arca» de Vespasante como marco de territorio faise no Catastro de Ensenada, é dicir, case sete séculos máis tarde. En efecto, na resposta ao Interrogatorio Xeral na que se establecen os límites da freguesía de San Mateo de Trasancos, dise: «(...) Dibidiendose deestos confinantes por marcos principiando en el río do Pozo, jirando por su natural Corriente a la fuente da cadela, y deesta al marco dela Arca de Bepasante (...) dando buelta al marco do campo da armada (...) bajando al castro de Leija (...)». (C. de E., 1752).

Tódalas «arcas» citadas na documentación medieval e moderna están en zonas baixas e/ou preto de hábitats e nin a prospección intensiva, nin a investigación no folclore deron resultados positivos en canto á súa localización na actualidade⁹. Os terreos citados nas documentacións están adicados actualmen-

⁹ Esta particularidade pódese ver tamén en Bello et al.(1987), onde a partir da documentación do mosteiro de Sobrado, localizáronse mámoas citadas na devandita documentación, non así as «arcas».

te á repoboación de eucaliptos, praderías e monte ou son zonas densamente poboadas. O concepto de «arcas» ten desaparecido da memoria histórica dos seus habitantes. Seguramente as «arcas» desapareceron hai moito tempo ao perder o seu valor referencial como marcos delimitatorios nun determinado momento histórico. As vicisitudes polas que deberon pasar ao longo de varios séculos é evidente que poideron ser infundas: cambio de límites nos coutos, ampliación de fincas e cultivos, etc.

5. CONCLUSIONES

Na área noroccidental da provincia da Coruña (concellos de A Capela, Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Narón, Neda, Mugardos, San Sadurniño e Valdoviño) e nas zonas baixas dos devanditos concellos temos catalogado un escasísimo número de mámoas, (non chegan a dez). É posible que existiran moitas máis e que foran destruídas ao longo da historia. O Catastro de Ensenada refire que as mellores terras de cultivo nesta zona estaban distribuídas en leiras moi pequenas, pertencentes a múltiples propietarios.

Para conseguir este fraccionamento e procurar unha maior extensión de terras de cultivo de maior calidade, os límites entre fincas estaban sinalados por pequenos marcos a penas perceptibles en moitos casos. Posiblemente a transformación da paisaxe forestal en leiras nesta zona fora a causante da destrución de mámoas, pois éstas impedirían o desenrolo das terras de labor. De feito, na actualidade, as mámoas das zonas baixas atópanse en áreas de aproveitamento agrícola intensivo.

As referencias documentais a «arcas», tanto medievais como modernas, refírense a lugares situados en vales. Tamén poseemos referencias de delimitación de terreos nas partes altas (penechairs) da maioría dos concellos citados anteriormente. Estas referencias aluden a «medoñas» ou «mámoas», nunca a «arcas». Logo, ¿non había «arcas» nas penechairs? Nós catalogamos máis dun centenar de mámoas. ¿Só había «arcas» en zonas de val?

¿Cal é logo a diferenza entre unha «**arca**» e unha «**mámoa**»?

Está claro que o término «arca» é unha das denominacións clásicas para designar o recinto cameral. As distintas mencións na documentación medieval, xa que logo, fannos ver que xa non tiñan a cuberta tumular, posto que estaban máis expostas a seren destruídas en canto perdesen a súa función como marco: aproveitamento de esteos para obras de cantería, peches de fincas, etc.

Pero tamén existe outra posible significación encol da palabra «**arca**».

Na súa orixe era un tecnicismo dos gromáticos romanos. Estes tomaron o termo directamente do grego, que significaba á súa vez «defensa» e «termo». A palabra procede de «**arcèo**» = «**deslindar**», «**apartar**», «**prohibir**» e primitivamente significaba «marco delimitatorio», «límite». (Monteagudo, 1954).

Vitrubio utilizaba o termo «**arca**» coa acepción de «sinal de delimitación», «**marco**» (Blánquez, 1975). Gaffiot (1934) tamén da o significado de «borne de délimitation» (Grom.), e Machado (1994) aplica a «arca» tamén unha equivalen-

cia (entre outras) de «marco delimitatorio». Ás veces o significado varía dependendo da zona xeográfica no que se aplique. Así, no norte de Portugal e en zonas occidentais leonesas, o termo «arca» aplícase ao «mojón divisionario» (Corominas, 1983).

Para Sampaio (1894) a «arca» era un «marco especial formado de quatro paredes, á maneira de guardas de poço, que os agrimensores edificaban nos cuadrifinios, assim como construíam a arcella nos trifinios»¹⁰.

As «arcas» de termo non teñen nada que ver con sepulcros, senón que eran simples pedras de demarcación. O P. Flórez e Sta. Rosa de Viterbo tamén dan a «arca» o significado de «pedras fixas» que servían de demarcación. (Ferro, 1974).

O nome «**arca**» ficou como xenérico de «**límite de termos**» e podíase aplicar a **pedras fixas**, a **marcos** sen máis e mesmo a **milladoiros de pedras ou de terra**. Estas últimas acepcións están claras na colección diplomática do mosteiro de Celanova dada a coñecer por López Ferreiro (1899): «(...) imos cara a unha arca de pedra (...) e atopamos outra arca de pedra e baixando atopamos outra pedra fita (...) subimos e chegamos a unha arca de terra e xunto a ela outra pedra fita (...)».

As «arcas» citadas neste Apeo de San Rosendo son identificadas por simples marcos ou padróns nos recoñecementos que se levan a cabo para verificar os límites das propiedades monásticas ao longo dos séculos XVI e XVII.

Tamén **penas** ou **destacados afloramentos** podían ser chamados «**arcas**» porque pechaban ou limitaban un determinado territorio (Ferro, 1952)¹¹.

De tódolos xeitos cremos que a concentración tumular en zonas de val nunca debeu ser tan abundante como nas zonas de altitudes medias. Dada a minuciosidade con que se redactaban os documentos na idade media, se houbera grandes concentracións de túmulos en zonas baixas, as referencias a eles serían máis abundantes. Nembargantes cando se fala de limitar un territorio en zona de

¹⁰ Esta referencia recóllea tamén Calo (1994), indicando que moitos arqueólogos actualmente estiman que «arca» é sempre sinónimo de «dolmen», sin ter en conta a acepción que xa indicaba Sampaio no século XIX. Entre os que seguen a pensar nun único significado para o termo «arca» está Pena (1991).

¹¹ Entre os que seguen esta acepción do termo «arca» e mesmo danlle outra novedosa como a de «miliario romano», están Rivas e Vega (1977), que baseados en documentos medievais chegan á conclusión de que certos marcos de delimitación de límites xurisdiccionais eran pezas miliarias romanas. Transcribimos, pola súa claridade expositiva, os seguintes fragmentos: «En el año 950 se realizó un apeo y demarcación a instancias de San Rosendo y de orden del rey Ramiro II (...). Los "previsores" del rey fijaron los límites según habían sido demarcados por los antiguos (...). Estos "previsores" encontraron como delimitatorios un peñasco grande y blanco (Seixo Blanco, llamado así hoy) (...) Más abajo había dos montones de piedras; en otro lugar un mojón (llamado en el siglo XVII Marco Deitado y en otro lugar dos columnas (miliarios anepígrafos) con marcas de término (una cruz en la zona superior); más abajo hallan una cruz de piedra y otra más "archam petrineam" (para diferenciarla de las de tierra "aggeres terre") siendo ésta la primera mención del miliario de Claudio II (en el Museo de Ourense) que señala un hito jurisdiccional y que posteriormente vendrá documentado en apeos de los siglos XIII, XV, XVI, XVII y XVIII como Marco de Campo Cerdeiro: Actualmente sigue existiendo un marco intermedio, bajo, rectangular y bastante estrecho (verdadera acepción de arca de piedra en terminología antigua) con unas profundas y viejas cruces en los laterales y zona superior».

val, dita delimitación non se realiza a partir das mámoas, senón que, ademáis de arcas, inclúense castros, camiños antigos ou mesmo petroglifos.

Tanto a documentación medieval como a moderna é clara en canto á denominación dos distintos elementos utilizados como marcos: mámoas, antas, arcas, pedrafitas, castros, petroglifos, camiños antigos..., polo que debemos ter en conta as distintas acepcións que poden ter algúns termos clásicos da literatura arqueolóxica utilizados con un único significado por algúns estudiosos, inda na actualidade.

A toponimia é un valiosísimo auxiliar para a prospección arqueolóxica e para a localización de xacementos, xa sexan prehistóricos, da idade antiga ou mesmo medievais (Llorente, 1969). O feito de que a partir do estudio da información facilitada polos apeos, documentos eclesiásticos, catastros, etc. se podan recoller datos do noso pasado danos unha base para que na actualidade podamos descubrir xacementos que ficaron fóra da memoria histórica dun pobo.

Profundizando neste tipo de fontes documentais poderíamos completar mapas arqueolóxicos ou catalogacións que nos deran unha visión máis ampla e completa do emprazamento e situación de xacementos árqueolóxicos dentro dun determinado territorio.

BIBLIOGRAFÍA

- BELLO, J.M^a, CRIADO, F., e VÁZQUEZ, J.M. (1987): La cultura megalítica de la provincia de La Coruña y sus relaciones con el marco natural: Implicaciones socio-económicas. Excma. Dip. Provincial. La Coruña.
- BLÁNQUEZ FRAILE, A. (1975): Diccionario Latino-Español. T.I. Barcelona.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. (1984): As vías romanas. Cadernos do Museo do Pobo Galego, nº 3. Santiago de Compostela.
- CAL PARDO, E. (1984): El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. A Coruña.
- CALO LOURIDO, F. (1994): A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa. A Coruña.
- CARNEIRO REY, J.A. (1996): «A toponimia na prospección arqueolóxica: algunhas consideracións». In VI Coloquio Galaico-Minhoto. Ourense. (No prelo).
- (1999): «Arqueoloxía e Folclore: Concellos de Ares e Mugardos» Cátedra, nº 6. Pontevedra; pp. 7-32.
- CATASTRO DO MARQUÉS DE LA ENSENADA (1752): Parroquias. Real de Laicos. Arquivo do Reino de Galiza. A Coruña.
- COROMINAS, J. (1983): Diccionario Etimológico de la Lengua Castellana. Madrid.
- da COSTA, P. A. (1965): Liber Fidei. Sanctae Bracarensis Ecclesiae. Edição crítica. Braga.
- DIAZ, P. (1997): «Gallaecia: de reino suevo a provincia visigoda», in G. Pereira (coord.): Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. Museo do Pobo Galego, Historia, vol. 1.
- FDEZ. de VIANA, J.I., et al. (1996): «El Tumbo de Caaveiro» (1^a parte). Cátedra, nº 3. Pontevedra; pp. 267-437.
- FERREIRA, E. (1988): «Los caminos medievales de Galicia». Boletín Auriense. Anexo 9.
- FERRO COUSELO, J. (1952): Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia. Ourense.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. e GARCÍA ALÉN, A. (1977): «Inventario de monumentos megalíticos». Adiciones a la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra. El Museo de Pontevedra. T. XXXI; pp. 3-23.
- FLORIÁN, A. C. (1948): Diplomática española de período astur. Oviedo.
- GAFFIOT, F. (1934): Dictionnaire Latin-Français. Paris.
- GONÇALVES, V. (1992): Revendo as antas de Reguengos de Monsaraz. Lisboa.
- GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA (1974): voz «Arca Marmórica». Santiago.
- LÓPEZ-CUEVILLAS, F. (1973): «A época megalítica», in H^a. de Galiza (Otero Pedrayo, dir.). Prehistoria. T. III. Bos Aires.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1899): Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela. T. II. Compostela.
- de LOSCERTALES, Pilar (1978): Los Tumbos de Sobrado. Madrid.
- LLORENTE MALDONADO, A. (1969): Discurso de apertura del curso 1969-70. Universidad de Granada.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F. (1943): «Túmulos prehistóricos. Inventario descriptivo de los 286 túmulos prehistóricos hasta ahora descubiertos en la avanzada comarca del cabo Ortegal». B.R.A.G. T. XXIII, pp. 21-29, 124-134, 178-186, 228-239, 314-321.
- MACHADO, J. P. (1994): Diccionario Etimológico da Lingua Portuguesa. Lisboa.

- MALINGRE, A. M^a. (1995): San Pedro de Rocas. (Un eremitorio rupestre altomedieval). Dip. Provincial. Ourense.
- MONTEAGUDO, L. (1954): «Nombres de túmulos y dólmenes en Galicia y norte de Portugal». Revista de Filología Española. T. XXXVIII, pp. 100-115.
- MONTERO DÍAZ, S. (1935): «La Colección Diplomática de San Martín de Jubia». Boletín de la Universidad, año VII, nº 25. Santiago de Compostela.
- PENA GRAÑA, A. (1991): Narón: un concello con historia de seu. Servicio Sociopedagógico Municipal.
- PEREIRA FERREIRO, S. (1979): «El monasterio de Sta. María de Xunqueira de Espadañedo y su colección diplomática». Boletín Auriense. T.IX, nº IX; pp. 151-230.
- PÉREZ GARCÍA, J.M. (1992): «El Catastro del Marqués de la Ensenada en tierras de León. Problemas y soluciones para su adecuado uso historiográfico». Minus I; pp. 167-182.
- RENFREW, C. e BAHN, P. (1991): Archaeology. Theories, Methods and Practice. Thames & Hudson. London.
- RIVAS FDEZ. J.C. e VEGA PATO, T. (1977): «Hallazgo de miliarios romanos documentados en el siglo X como mojones de demarcación de las tierras de San Rosendo en el valle de Monterrey (Verín) y de otro más en Acibeiro (Cerdeira)». Boletín Auriense. Año VII. T. VII; pp. 63-82.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M. (1989): Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense): 1.025-1.310. Santiago de Compostela.
- SAMPAIO, A. (1894): «As villas do norte de Portugal. Estudos sobre a propiedade no tempo dos romanos e povos germánicos». Revista de Guimarães III
- VV. AA. (1993): Diccionario Galego de Xeografía. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- (1993): Diccionario Xerais da Lingua. Vigo.